

**REUNIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE  
NON LEXISLATIVA PARA AS  
RELACIÓNS CO CONSELLO DE CONTAS**

Día: 14.03.2018      Hora: 10:30

A Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 14 de marzo de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único. Debate e votación das recomendacións presentadas ao Plan de traballo do Consello de Contas de 2018.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2018

Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna  
Presidente da Comisión

# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN PERMANENTE NON LEXISLATIVA PARA AS RELACIÓNS CO CONSELLO DE CONTAS

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

Presidente

Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna

P

Vicepresidente

José González Vázquez

P

Secretaria

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

S

## Vogais

Jaime Castiñeira Broz

P

Juan Manuel Díaz Villoslada

S

José Manuel Lago Peñas

EM

Paula Prado del Río

P

Noa Presas Bergantiños

BNG

Moisés Rodríguez Pérez

P

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez

P

Cristina Isabel Romero Fernández

P

Antón Sánchez García

EM

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co  
Consello de Contas

Día: 14.03.2018                      Hora: 10:30

Orde do día

1. Debate e votación das recomendacións presentadas ao Plan de traballo do Consello de Contas de 2018.



(Comisión)

## **RECOMENDACIÓNS**

**ao Plan Anual de Traballo do Consello de Contas de Galicia para  
o ano 2018**

Plan anual de traballo: BOPG núm. 236, f1, do 10.01.2018  
Recomendacións: BOPG núm. 273, do 08.03.2018

*Recomendacións*

	<b>Páx.</b>
<b>G.P. do Bloque Nacionalista Galego:</b> 16 recomendacións (doc. núm. 27211).....	3-6
<b>G.P. dos Socialistas de Galicia:</b> 17 recomendacións (doc. núm. 27209) .....	7-9
<b>G.P. de En Marea:</b> 33 recomendacións (doc. núm. 27204) .....	10-16
<b>G.P. Popular de Galicia:</b> 3 recomendacións (doc. núm. 27253) .....	17

## **G.P. DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (doc. núm. 27211)**

### **Recomendación núm. 1**

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas elaborar unha fiscalización profunda da macroconcesión de 2014 a Ferrovial para o servizo de xestión integrada de varios servizos non asistenciais do Complexo Hospitalario de Ourense así como do grao de cumprimento das súas cláusulas.

### **Recomendación núm. 2**

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas elaborar unha auditoría do proceso de contratación do Son do Camiño así como unha supervisión das súas cláusulas de contratación.

### **Recomendación núm. 3**

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas elaborar unha fiscalización detallada do grao de cumprimento das condicións das subvencións outorgadas por parte das entidades públicas galegas a Autismo Ourense.

### **Recomendación núm. 4**

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a realización dun informe de fiscalización específico relativo á AXEGA, Axencia Galega de Emerxencias con especial atención ás súas contratacións, adquisicións de material e convenios de colaboración e coa inclusión dun informe no que se avalíe a á súa política de transparencia.

### **Recomendación núm. 5**

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas someter a fiscalización o proceso concursal para o servizo autonómico de salvamento marítimo con helicópteros e elaborar unha avaliación sobre a anterior venta dos

helicópteros por parte da Xunta de Galiza e a súa repercusión para as arcas públicas.

#### **Recomendación núm. 6**

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a realización dun informe no se someta a fiscalización a contratación dos medios aéreos do dispositivo de extinción de lumes forestais.

#### **Recomendación núm. 7**

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a realización dun informe de fiscalización sobre a xestión dos Obradoiros de Emprego financiados pola Xunta de Galiza.

#### **Recomendación núm. 8**

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas levar a cabo unha fiscalización específica en relación aos concertos educativos, a comezar polas entidades segregacionistas e con especial atención á análise dos criterios aplicados para outorgar ou non as axudas económicas.

#### **Recomendación núm. 9**

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a realización dunha auditoría dos procesos de contratación dos servizos de comedores escolares de xestión indirecta.

#### **Recomendación núm. 10**

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a elaboración dun informe de fiscalización das contratacións levadas a cabo a través da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galiza (AMTEGA).



### **Recomendación núm. 11**

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas que dentro do Informe de fiscalización do contrato de concesión do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo inclúa unha análise sobre o incremento de custes respecto do inicialmente estimado de cara a avaliar a carga real que suporá para a facenda pública.

### **Recomendación núm. 12**

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a someter a un informe de fiscalización as axudas concedidas polo goberno galego ao sector industrial da automoción a través do IGAPE e das subvencións da Xunta de Galiza desde o ano 2009.

### **Recomendación núm. 13**

O Parlamento de Galiza insta ao Consello de Contas a realizar un informe de fiscalización sobre o endebedamento da Xunta de Galiza, analizando especialmente a débeda e obrigas contraídas mediante fórmulas de financiamento público privado e as repercusións para as arcas públicas de non ter optado por alternativas de financiamento diferentes á banca privada.

### **Recomendación núm. 14**

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a realizar a fiscalización da Axencia de Coñecemento en Saúde (ACIS).

### **Recomendación núm. 15**

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a realización dunha auditoría do proceso de adxudicación do novo Plan de Transporte.

### **Recomendación núm. 16**



O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a realización dun estudo no que mediante auditorías específicas avalíe a política de convenios que establece a Xunta de Galiza con entidades externas, con especial atención aos criterios de obxectividade e transparencia. Así mesmo, a incluír parámetros para a avaliar a equidade no reparto dos convenios asinados cos concellos galegos.

## **G.P. DOS SOCIALISTAS DE GALICIA (doc. núm. 27209)**

### **Recomendación núm.1**

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a realizar un informe de fiscalización específico dos contratos de publicidade e comunicación promovidos pola Xunta de Galicia durante os exercicios 2015, 2016 e 2017.

### **Recomendación núm. 2**

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a realizar un informe específico de fiscalización e de auditoría operativa sobre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

### **Recomendación núm. 3**

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a realizar un informe sobre as axudas e convenios levados a cabo polo Goberno galego coas entidades locais e institucións delas dependentes, co obxecto de verificar a súa concesión en virtude de criterios obxectivos, avaliáveis e non discriminatorios, ditaminando a posible ilegalidade ou falla de xustificación das subvencións outorgadas sobre a base, unicamente, da súa orde de entrada no Rexistro ata a finalización do crédito preestablecido.

### **Recomendación núm. 4**

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas para que realice un informe sobre o custo dos concertos hospitalarios realizado polo Servizo Galego de Saúde, no que inclúa o custe global concertado con cada hospital, así como o custe por servizo concertado con indicación expresa da comparativa entre o custe do servizo realizado nun hospital público e nun centro concertado, e o volume que estes concertos supoñen con respecto ao orzamento do Sergas.

### **Recomendación núm. 5**

O Parlamento de Galicia insta ao Consello de Contas para que realice un informe de fiscalización sobre a Axencia Galega de Innovación.

### **Recomendación núm. 6**

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a realizar un informe de fiscalización dos procesos de contratación da Axencia Galega de Turismo.

### **Recomendación núm. 7**

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a presentar un balance de xestión, execución e cumprimento de obxectivos dos programas operativos dos Fondos europeos xestionados pola Administración autonómica correspondentes ao marco de financiamento 2007-2013.

### **Recomendación núm. 8**

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a presentar un balance provisional de xestión, así como do grao de execución dos programas operativos dos Fondos europeos xestionados pola Administración autonómica correspondentes ao marco de financiamento 2014-2020.

### **Recomendación núm. 9**

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a elaborar o informe de fiscalización de cada unha das confrarías de pescadores.

### **Recomendación núm. 10**

O Parlamento de Galicia insta ao Consello de Contas a elaborar un informe de fiscalización sobre os contratos de concesión 2009-2017, así como sobre os costes económicos do servizo de gardacostas marítimo de Galicia durante os anos 2009-2017.

### **Recomendación núm. 11**

O Parlamento de Galicia insta ao Consello de Contas a elaborar un informe de fiscalización sobre a situación económica dos concellos de Cerdedo e Cotobade dende o ano 2009 ata a súa fusión e sobre a situación económica do Concello de Cerdedo-Cotobade dende a súa fusión ata o ano 2017.

### **Recomendación núm. 12**

O Parlamento de Galicia insta ao Consello de Contas a elaborar un informe de fiscalización sobre a situación económica dos Concellos de Oza dos Ríos e Cesuras dende o ano 2009 ata a súa fusión e sobre a situación económica do Concello de Oza-Cesuras dende a súa fusión ata o ano 2017

### **Recomendación núm. 13**

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a que elabore un informe de fiscalización selectiva sobre a situación económica do Concello dos Blancos dende o ano 2009.

### **Recomendación núm. 14**

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a elaborar un informe de fiscalización sobre a actual situación económico-financeira do Concello de Miño (A Coruña) derivada das actuacións urbanísticas iniciadas en 2001, no sector Perbes-San Xoán de Vilanova, para a promoción pola inmobiliaria FADESA do proxecto Costa Miño-Golf.

### **Recomendación núm. 15**

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a elaborar un informe de fiscalización sobre o servizo integral de helicópteros destinados á prevención e defensa contra os incendios forestais adxudicado pola Consellería de Medio Rural á UTE Inaer Galicia (actualmente Babcock) Natutechnia.

### **Recomendación núm. 16**

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a elaborar un informe de fiscalización sobre dos programas de gasto da función 32-Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo- dos exercicios 2015 e 2016.

### **Recomendación núm. 17**

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a elaborar un informe de fiscalización sobre dos programas de gasto da función 56-Investigación, desenvolvemento e innovación- dos exercicios 2015 e 2016.

## **G.P. DE EN MAREA (doc. núm. 27204)**

### **Recomendación núm. 1**

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas incluír no seu plan de actividades, un estudio sobre a fenda salarial entre homes e mulleres na administración pública galega e as repercusións desta, na economía e na sociedade do país.

### **Recomendación núm. 2**

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas incluír no seu plan de actividades, un informe de fiscalización económica e de contratación do Festival do Xacobeo.

### **Recomendación núm. 3**

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas incluír no seu plan de actividades, un informe económico de custe e resultados da axenda do Goberno galego no exterior ante a nula información concreta que sobre esta actividade ofrece o Goberno galego, que unicamente traslada un documento coa relación de desprazamentos efectuados ao exterior.

### **Recomendación núm. 4**

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas incluír no seu plan de traballo, a realización dunha auditoría da débeda pública Galega que explique os condicionantes polos que esta se ten triplicado dende os comezo dos mandatos do PP.

### **Recomendación núm. 5**

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas elaborar un informe sobre o diferencial en termos de custo, que supón o financiamento das

inversións a través do modelo de colaboración publico-privada en lugar de facelo directamente pola administración pública.

#### **Recomendación núm. 6**

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas elaborar un informe que permita coñecer o diferencial dos costes de endebedamento, que supón para Galicia acudir aos mercados financeiros en lugar de utilizar os mecanismos extraordinarios de financiamento establecidos polo Goberno Central.

#### **Recomendación núm. 7**

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas incluír no seu plan de traballo, un informe sobre a situación contractual do persoal da Xunta de Galicia e do conxunto de entes, institutos e axencias públicas dependentes desta, de forma que se avalía a súa adecuación a realidade sociolaboral do país.

#### **Recomendación núm. 8**

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar un estudo detallado sobre a aplicación de cláusulas sociais nos contratos públicos de obras, servizos, colaboración sector público privado, de concesión de obras públicas e xestión de servizos da Xunta de Galicia, así como do grao de cumprimento das cláusulas técnicas dos mesmos.

#### **Recomendación núm. 9**

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas a elaboración dunha relación detalla dos conceptos que nos orzamentos dos últimos anos que figurando como investimento que finalmente foron utilizados como gasto corrente.

#### **Recomendación núm. 10**

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas elaborar un informe de fiscalización da Fundación Cidade da Cultura.

### **Recomendación núm. 11**

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas elaborar un informe de fiscalización do Contrato de concesión do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo que inclúa unha avaliación do cumprimento do contrato ou os posibles incrementos de custes sobre as estimacións iniciais.

### **Recomendación núm. 12**

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas elaborar un informe de avaliación e control dos sistemas de prevención da corrupción da Xunta de Galicia e de tódolos organismos dependentes desta.

### **Recomendación núm. 13**

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas a realización dunha auditoría conxunta do total de servizos e medios do dispositivo de prevención e loita contra incendios forestais.

### **Recomendación núm. 14**

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas a realización dunha auditoría do proceso de contratación dos medios Aéreos do servizo de Gardacostas de Galicia e dos posibles sobrecustes do mesmo.

### **Recomendación núm. 15**

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas a realización dun informe sobre o baixo grado de execución dos fondos e programas destinados a promoción do emprego, así como das consecuencias socioeconómicas desta situación



### **Recomendación núm. 16**

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas incluír dentro dos seus plans de traballo a Fiscalización das contas da RTVG, con especial incidencia na repercusión nos custes da entidade do recurso a utilización da produción propia externa e allea.

### **Recomendación núm. 17**

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Consta incluír dentro dos seus plans de traballo e fiscalización, a elaboración dun informe da adecuación da utilización dos fondos europeos destinados aos GAC aos obxectivos fixados no programa coma a reactivación da actividade pesqueira e as economías das zonas costeiras.

### **Recomendación núm. 18**

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas que dentro do plan de actuación de 2018, inclúa un informe de fiscalización sobre a entidade Pública Portos de Galicia.

### **Recomendación núm. 19**

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas que dentro do plan de traballo e fiscalización, a realización dun informe de auditoría específico sobre o servizo de comedores escolares que inclúa a valoración do custe da externalización do servizo a través de concesións de catering.

### **Recomendación núm. 20**

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas que dentro do plan de traballo e fiscalización, se realice un informe de fiscalización específico sobre os concertos educativos, facendo especial incidencia nos centros que segregan alumnado en función do seu sexo.

### **Recomendación núm. 21**

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas que dentro do plan de traballo e fiscalización, execute un informe de fiscalización de actividades da comisión intermunicipal Razamonde-San Trocado que afectas aos concellos de Punxín, San Amaro e Cenlle.

### **Recomendación núm. 22**

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas que dentro do plan de traballo e fiscalización, inclúa a fiscalización sobre os mecanismos implantados para o período 2014-2020 dos fondos europeos, co obxectivo de corrixir os erros detectados nos informes de fiscalización do período 2007-2013.

### **Recomendación núm. 23**

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas a realización dun informe de fiscalización sobre o centro tecnolóxico da carne de Ourense.

### **Recomendación núm. 24**

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas a elaboración dun informe sobre a aplicación da lei 16/2010 de 17 de decembro de organización e funcionamento da administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA) e do II Plan de Avaliación das entidades dependentes da Xunta de Galicia.

### **Recomendación núm. 25**

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas incluír dentro dos seus plans de traballo e fiscalización, a elaboración dun informe da adecuación da utilización dos fondos europeos da PAC destinados á industria forestal e da madeira aos obxectivos fixados no programa e o seu nivel de execución.

### **Recomendación núm. 26**

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas incluír dentro dos seus plans de traballo e fiscalización, a elaboración dun informe da adecuación da utilización dos fondos transferidos ao Cluster do Turismo para determinar se as actividades financiadas con orzamento público deberían ser asumidas pola Axencia de Turismo de Galicia.

### **Recomendación núm. 27**

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas incluír dentro dos seus plans de traballo e fiscalización, a elaboración dun informe da adecuación da utilización para accións medioambientais dos tributos recadados polo Canon Eólico, o Imposto sobre o dano medioambiental das augas encoradas, o imposto sobre contaminación atmosférica e o Canon de saneamento.

### **Recomendación núm. 28**

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas incluír dentro dos seus plans de traballo e fiscalización, a elaboración dun informe da adecuación da utilización dos fondos públicos transferidos as empresas para actividades I+D+i no eido da contratación de persoal investigador formado (Post doutoral e investigador principal) e se estas actividades están a ser xestionadas e lideradas polo persoal investigador da empresa.

### **Recomendación núm. 29**

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas que dentro do plan de traballo de fiscalización, se realice un informe de fiscalización específico sobre os concertos sanitarios.

**Recomendación núm. 30**

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas que dentro do plan de traballo e fiscalización, se realice un informe de fiscalización específico sobre os concertos relativos á prestación do servizo de hemodiálise.

**Recomendación núm. 31**

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas que dentro do plan de traballo e fiscalización, se realice un informe de fiscalización específico sobre os convenios e doazóns con entidades sen ánimo de lucro co SERGAS.

**Recomendación núm. 32**

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas que dentro do plan de traballo de fiscalización, se realice un informe de fiscalización específico sobre os contratos relativos ao “SocioTecnolóxico” do SERGAS.

**Recomendación núm. 33**

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas que dentro do plan de traballo de fiscalización, se realice un informe de fiscalización específico sobre os contratos e concertos da Fundación Pública Urgencias Sanitarias- 061.

## **G.P. POPULAR DE GALICIA (doc. núm. 27253)**

### **Recomendación núm.1**

O Parlamento de Galicia insta ao Consello de Contas a continuar aproximando os Informes da Conta Xeral da Comunidade Autónoma, da Conta Xeral do Sergas e o Informe de actividade económico-financieira das entidades públicas dependentes da Administración Xeral da Comunidade Autónoma, ao exercicio en curso, con independencia da presentación dos restantes informes de fiscalización selectiva.

### **Recomendación núm. 2**

O Parlamento de Galicia insta ao Consello de Contas a manter con carácter periódico os Informes sobre a Actividade Económico-financieira das Entidades Públicas dependentes da Administración Xeral da Comunidade Autónoma.

### **Recomendación núm. 3**

O Parlamento de Galicia insta ao Consello de Contas a que continúe avanzando nos traballos para facilitar a rendición telemática da Conta Xeral da Administración Autonómica no seo da comisión mixta formada por representantes do Consello de Contas e da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma creada pola Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas.